

CALENDARIO ACADÉMICO DO CURSO 2020-2021

(para aprobación no C.G. do 29 de abril do 2020)

- 1.- O curso académico comprenderá do **1 de setembro de 2020** ao **31 de agosto de 2021**.
- 2.- O calendario de actividades académicas é o marco temporal no que se desenvolve a planificación do conxunto das diversas actividades formativas, incluíndo as correspondentes probas de avaliación, nas titulacións que se imparten na Universidade.
- 3.- Seguindo o disposto polo RD 1125/2003, cada crédito ECTS supoñe 25 horas de traballo para un estudante dedicado a cursar a tempo completo estudos universitarios, durante un mínimo de 36 e un máximo de 40 semanas por curso académico. abril
- 4.- Consonte ao exposto, as semanas de actividade académica docente no curso 2020/2021 na Universidade de Vigo quedarán distribuídas en dous períodos equivalentes, do xeito indicado no cadro seguinte, e das que unha quinta parte reservárase para celebración das probas de avaliación final correspondentes a ambos períodos, e o resto dedicárase á actividade lectiva:

| PERÍODO | INICIO | REMATE |
|----------|---------------------------------|---|
| PRIMEIRO | LUNS, 7 DE SETEMBRO DO 2020 | MARTES, 26 DE XANEIRO DO 2021 (18 semanas de docencia) |
| SEGUNDO | MÉRCORES, 27 DE XANEIRO DO 2021 | MARTES, 8 DE XUÑO DO 2021 (18 semanas de docencia) |

5.- Excepcionalmente, nas titulacións de Máster, previo acordo da respectiva comisión académica que deberá comunicarse á Secretaría Xeral, poderá adiarse o inicio da actividade académica docente lectiva, **sempre que se respete o disposto no punto terceiro de presente calendario, sen prexuízo do indicado no punto sétimo e sen que as datas de apertura e de entrega de actas podan verse modificadas por este motivo.** Aos programas de doutoramento non se lles aplica o presente calendario e estarase ao establecido na súa propia convocatoria de matrícula.

6.- No mes de agosto non haberá actividade académica, que así mesmo quedará en suspenso nas seguintes datas, excluídas do cómputo sinalado no punto terceiro:

- Dende o mércores, día 23 de decembro de 2020, ata o xoves, día 7 de xaneiro de 2021 (ambos os dous incluídos).
- Dende o luns, día 29 de marzo, ao sábado día 3 de abril de 2021 (ambos os dous incluídos).

7.- O período comprendido entre o martes, día 1, e o venres, día 4 de setembro de 2020 (ambos os dous inclusive) non computará aos efectos do disposto no punto terceiro, sen prexuízo de poder desenvolver no mesmo actividades académicas non lectivas. O mesmo sucederá co período comprendido entre o luns, día 7 de xuño, e o sábado, día 31 de xullo de 2021 (ambos os dous inclusive), agás no caso dos másteres que comezaran máis aló do luns, día 7 de setembro de 2020, para os que si contará o dito período -en proporción ao retraso acumulado ao comezo- aos efectos de poder completar o cómputo establecido no punto terceiro.

8.- Terá carácter festivo o venres, día 29 de xaneiro de 2021, data de celebración do día de Santo Tomé de Aquino, patrón da Universidade, posuíndo o mesmo carácter os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e, en cada Campus, os días das festas locais, así como a data que corresponda a cada centro para a celebración da súa festa propia, pasando a luns ou venres as que non coincidan neses dous días da semana, previa decisión da Xunta do Centro concernido. A docencia interromperase o luns, día 15, e o martes, día 16 de febreiro de 2021 (Entroido)

| Relación de festas propias dos centros da Universidade de Vigo | |
|--|----------------------|
| ESCOLA DE ENXEÑARÍA AERONÁUTICA E DO ESPAZO | 23/09/2020, mércores |
| ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN | 29/09/2020, martes |
| ESCOLA DE ENXEÑARÍA FORESTAL | 04/10/2020, domingo |
| FACULTADES DE BIOLOXÍA, CIENCIAS DO MAR, QUÍMICA E CIENCIAS | 15/11/2020, domingo |
| E.U. DE MAXISTERIO "MARÍA SEDES SAPIENTIAE" | 27/11/2020, venres |
| ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE MINAS E ENERXÍA | 04/12/2020, venres |

| | |
|---|----------------------|
| FACULTADES DE DEREITO E DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO (DEREITO) | 07/01/2021, xoves |
| ESCOLA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA INFORMÁTICA | 25/02/2021, xoves |
| ESCOLA DE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL | 19/03/2021, venres |
| FACULTADES DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS, CIENCIAS EMPRESARIAIS E TURISMO E ESCOLA UNIVERSITARIA DE ESTUDOS EMPRESARIAIS. | 05/04/2021, luns |
| FACULTADES DE HISTORIA, FILOLOXÍA E TRADUCIÓN, CIENCIAS DA EDUCACIÓN E CIENCIAS DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE | 26/04/2021, luns |
| FACULTADE DE CIENCIAS SOCIAIS E DA COMUNICACIÓN | 29/04/2021, xoves |
| FAC. CC. XURÍDICAS E DO TRABALLO (RELACIÓNS LABORAIS) | 01/05/2021, sábado |
| FACULTADE DE BELAS ARTES | 07/05/2021, venres |
| ESCOLAS DE ENFERMERÍA | 12/05/2021, mércores |

9.- Os períodos de rexistro na aplicación informática das cualificacións nas actas e da súa respectiva entrega serán os seguintes:

| Período/Convocatoria | Inicio | Remate |
|----------------------|--|--------------------------------|
| PRIMEIRO | GRAO: XOVES, 10 DE DECEMBRO DO 2020 | LUNS, 8 DE FEBREIRO DO 2021 |
| | MASTER: XOVES, 17 DE DECEMBRO DO 2020 | |
| SEGUNDO | MÉRcores, 7 DE ABRIL DO 2021 | VENRES, 18 DE XUÑO DE 2021 |
| 2ª OPORTUNIDADE | MÉRcores, 23 DE XUÑO DE 2021 | VENRES, 16 DE XULLO DE 2021 |
| FIN DE CARREIRA | LUNS, 7 DE SETEMBRO DE 2020 | VENRES, 13 DE NOVEMBRO DE 2020 |

10.- No caso dos TRABALLOS DE FIN DE GRAO e MÁSTER, as datas límite para a entrega de actas serán:

| | |
|----------------------|--------------------------------|
| PRIMEIRO PERÍODO | VENRES, 26 DE FEBREIRO DE 2021 |
| SEGUNDO PERÍODO | VENRES, 25 DE XUÑO DE 2021 |
| SEGUNDA OPORTUNIDADE | VENRES, 17 DE SETEMBRO DE 2021 |
| FIN DE CARREIRA | VENRES, 27 DE NOVEMBRO DE 2020 |

11.- Excepcionalmente, nos centros que, xustificadamente, desenvolvan prácticas externas curriculares no mes de agosto, previa comunicación ao Servizo de Estudos de Grao ou de Posgrado, segundo corresponda, a data límite de entrega de actas na segunda oportunidade poderá extenderse como máximo ata unha semana antes da indicada para o TFG ou o TFM, segundo o caso.

12.- Nas guías docentes deberá figurar a metodoloxía e o procedemento detallado para a avaliación das materias, debendo recollerse nas mesmas a data así como, se procede, hora e lugar de realización das probas de avaliación. Tamén deberán especificar o medio empregado para a súa publicación oficial así como das modificacións que, xustificadamente, puideran producirse. Na fixación das datas relativas ás probas de avaliación da convocatoria extraordinaria de xullo, procurarase que vaian en primeiro lugar as materias correspondentes ao primeiro cuatrimestre.

13.- As probas de avaliación da convocatoria de “fin de carreira” poderán celebrarse dende o martes, día 1 de setembro de 2020, debéndose acordar as datas concretas polos respectivos centros, respectando, en todo caso, o período de rexistro na aplicación informática das cualificacións nas actas e da súa entrega establecidas no apartado 9, sen posibilidade de suspender as actividades lectivas por esta razón.